

O XÉNERO

A) SUBSTANTIVOS INVARIABLES (non teñen máis ca un xénero)

1. Os nomes das letras son sempre de xénero masculino.

Así: ___ be, ___ erre, ___ pi, ___ gue, ___ xe

2. Os substantivos que rematan en -AXE son sempre femininos:

___ viaxe, ___ friaxe, ___ laxe, ___ paisaxe

Excepcións: ___ traxe, ___ paxe e ___ gar _____

E que acontece coa palabra personaxe? _____

3. As palabras rematadas en -SE, -TE, -ITE e -E (derivadas das terminacións gregas -IS, -ITIS, -TIS) son femininas.

___ crise, ___ pelve, ___ pube, ___ análise, ___ cute, ___ apendicite, ___ eclipse

4. As palabras rematadas en -UME son de xénero masculino.

___ lume, ___ cume, ___ costume, ___ pesadume, ___ fume, ___ negrume, ___ legume

Excepcións: ___ servidume e ___ mansedume

5. As árbores froiteiras teñen o mesmo xénero que a froita que dan. Exemplos:

___ améndoa, ___ amendoeira ___ marmelo, _____ _____, ___ cerdeira
___ abelá, _____ _____, ___ nogueira ___ mazá, _____
_____, ___ limoeiro laranxa, _____ a pera, _____

Pero... (excepcións):

a castaña, _____; o figo, _____

ESCRIBE nos cadros en branco o **xénero dos substantivos** (MASCULINO ou FEMININO) das columnas:

berce cárcere couce cuspe dote fel cal (pintura) sangue sinal	labor leite mar mel nariz sal sorriso serán ubre	plasma champaña trade masacre diadema pagode paradoxo til xiz	sida síndrome árbore avestruz azouta cal = canle fin orde fronte inchazón	cor/color calor dor Internet suor feluxe ferruxe viruxe orixe ponte	acne reuma lavalouza disquete casete samba sebe marxe vertixe fraude

B) SUBSTANTIVOS (e ADXECTIVOS) VARIABLES (diferencian masculino e feminino):

1. Forman o feminino a partir do masculino:

a) Se rematan en -E ou -O non acentuado substitúen esta vogal por -A no feminino.
Exemplos:

o neno, _____; o mestre, _____; miúdo, _____; louro, _____; etc.

b) Se rematan en vogal acentuada ou consoante distinta de -N engaden un A no feminino.
Exemplos:

o avó, _____; cru, _____; nu, _____; etc.

c) Se rematan en -N:

- En -ÚN: fan o feminino en -ÚNA. Exemplos: euscaldún, _____
Excepcións: vacún, _____ cabrún, _____ cervún, _____
- En -ÍN: fan o feminino en -INA. Exemplos: bailarín, _____ pescantín, _____
- En -ÓN: fan o feminino de dúas maneiras:
 - -ONA: os aumentativos, despectivos e os derivados verbais. Exemplos: cabezón, _____ papón, _____ abusón, _____
 - OA: as demais palabras (tamén os xentilicios). Exemplos:

ladrón, _____ (ou ladra)
comadrón, _____
bretón _____

campión, _____
patrón, _____
saxón _____

león, _____
anfitrión _____
teutón _____

